

CIG solicita información sobre datas de implementación e explicación dos nodos de traballo. **SX** indica que de momento di que non hai datas estimadas para poñer en marcha o cambio.

web_estado@cigadmon.gal

Tampouco da información detallada sobre onde estarán os nodos de traballo que entendemos que afectarán a varios ICUs. As OOSS indican que a reorganización e cambio de tarefas pode mellorar a eficiencia pero se o persoal segue sendo o mesmo igual a eficiencia non mellora tanto coma se pensa.

4. Calendario Laboral 2026

SXARH indica os puntos que se retiraron e aumento dalgúns puntos sobre os peches de centros coma gardarías e museos. Propúxose abrir, polo menos, ás 7 da mañá, tal e como permite a resolución de Función de Función Pública.

Tamén se fala do documento para traballar na compensación horaria que se fará no grupo de traballo por parte de administración e sindicatos e que se vai convocar proximamente.

5. OEP e estado de convocatorias

Persoal laboral

- Contratos relevo teñen o exame 7 de marzo estando convocadas 498 persoas dos tribunais que están asignados ao CSIC polo Ministerio como órgano convocador.
- OPE 2024: As dúas prazas de TS FC están no proceso de exames e lecturas con 72 persoas admitidas e 20 presentados. As lecturas acudiron 16 persoas.
- Hai unha convocatoria na biblioteca de Roma para persoal no exterior que está pendente de publicación.
- Xa está preparada a terceira adxudicación dentro de convenio con 3 novos postos adxudicados e 5 vacantes.
- No proceso de estabilización na quenda de discapacidade está pendente a publicación valoracións provisionais. Para os de discapacidade de titulado superior fora de convenio está prevista proximamente a resolución de aprobados do proceso selectivo.

Persoal funcionario

- Escalas técnicas na queda de promoción interna 2021-2022-2023. Pendente de nomeamentos no BOE
- Escalas científicas de acceso libre 2024 e 2025 e de promoción interna 2023, 2024 e 2025: Convocatoria publicada no BOE o 31/12/2025, estando pendente a publicación do listado de admitidos provisionais e data de exame.
- Escalas técnicas de acceso libre 2023, 2024 e 2025 e de promoción interna 2024 e 2025: O 2 de marzo remitiuse o listado de admitidos provisionais para a súa publicación no BOE.

A pregunta de **CIG** sobre as posibles datas das probas SXARH indica que é altamente improbable que non se cumpra o prazo de convocatoria de exame antes de finais de marzo como indica no BOE o órgano convocador .

web_estado@cigadmon.gal

6. Contratos fixos a tempo parcial

As OOSS indican se hai algún avance no cambio dos postos que están a tempo parcial para transformalos a tempo completo. SXARH informa que se vai a facer con todos os postos, non so os de estabilización. Se compromete a levar este tema a próxima Subcopa con todo detalle para facer o expediente correspondente.

7. Información sobre o Servicio de Orzamentos do IEO

Anulado a petición da OOSS que o solicitou.

8. Información sobre o grupo de traballo de temporalidade e emprego do MCIU de 13 de xaneiro de 2026

As OOSS falan do desenrolo da carreira profesional técnica, onde hai un grupo de traballo no Ministerio e o CSIC como administración non acude. O CSIC fixo un documento que se enviou o Ministerio. A administración CSIC o mandou o 25 de marzo de 2025. O SX indica que ten o día 05/03/2026 unha reunión co Ministerio e hoxe en Función Pública para mellorar o réxime retributivo do persoal funcionario e laboral. O Ministerio ten unha proposta tamén para ese desenrolo.

9. Requisitos ITSS

As OOSS pregunta sobre os requisitos de ITSS para mandar o informe de despedimentos, altas e baixas as OOSS. O SX di que se van mandar como se comprometeu na última reunión. Tamén publicar as produtividades e as RPTs. Neste punto o SX informa que este requisito foi retirado porque a ITSS aceptou as alegacións do CSIC para non publicalas.

Tamén hai un requisito para e negociar a instrución para as comisións de servizo de Doñana e negociar a mesma na Mesa Delegada. O SX informa que nos mandará a resposta que se dea.

10. Produtividade

SX indica que a semana que ven teremos unha convocatoria do Grupo de traballo de produtividade para dar a información do reparto do ano 2025.

11. Comentarios e preguntas

CIG solicita información sobre o avance a asignación dos complementos aos EPDs de funcionarios. Mandouse a aclaración a FP que solicitou fai un mes a semana pasada e coa contía que ven na resolución CECIR, pero agora mesmo está no tellado de FP para a súa aprobación.

As OOSS preguntan sobre a licitación de vixilancia da saúde acaba en marzo e hai dous meses para adxudicar o seguinte contrato.

As OOSS piden información sobre a aplicación da bolsa de emprego. SX informa que espera que se aplique a finais deste ano.

As OOSS preguntan sobre os complementos rexeitados na COPA. SXARH indica que se pensa lanzar a enquisa por cada posto a xerencias a semana que ven e posteriormente convocar o

web_estado@cigadmon.gal

grupo de traballo para solicitar novos complementos. Soamente se aprobaron 20 novos complementos mandados a COPA do mes pasado. En concreto os complementos RCT son os que máis se rexeitan sen criterio, cando ademais FP ten dúbidas sobre a súa interpretación. En todo caso parece que o criterio da Subcopa non serve para nada.